

A nosa ref: 2 – Secretaría
Expediente: 2025/G010/000006

Notifícolle que o Sr. alcalde en funcións, con data 14-04-2025, ditou a resolución número 341/2025 que se transcribe a seguir:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que o 11 de abril de 2025 o Pleno municipal tomou coñecemento da renuncia presentada por María Dolores Pan Lesta ao cargo de alcaldesa do Concello de Cambre.

En uso das atribucións que me son conferidas no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 97 do Regulamento orgánico municipal,
RESOLVO:

Primeiro: Convocar sesión extraordinaria do Pleno municipal para o luns 21 de abril de 2025, ás 11.00 horas, coa seguinte orde do día:

Único. Elección de alcalde/sa

Segundo: Notifíquese aos señores concelleiros e concelleiras para os efectos oportunos”.

O que se lle notifica para os efectos oportunos.

Cambre, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral
Pilar María Pastor Novo

Taboleiro